

Editorial

En lembranza de Manuel María, un amigo do Castro de Viladonga

A *Asociación de Amigos do Castro de Viladonga*, novo e reducido nome logo da actualización dos Estatutos (reducción que non implica, nin moito menos, que se dea menos importancia ó Museo do xacemento aínda que este desapareza do enunciado - ó cabio, o Museo non ten sentido sen o Castro -), caracterizouse sempre pola súa diversidade de fins e obxectivos, aínda que sempre con irrenunciables vencellos co Patrimonio Cultural, e asimesmo, pola diversificación da súa “masa social”, todo o cal intenta reflectirse nas súas actividades.

Neste sentido, unha das teimas da nosa Asociación, inspirada en boa medida no mesmo empeño do director do Museo, foi sempre, e segue sendo, relacionarse con temas, disciplinas e, incluso sinaladamente, con persoas e persoeiros identificadas coa Terra Chá e identificativas dela, sexan do campo histórico, artístico, etnográfico, naturalista ou, maiormente, literario. Proba do que dicimos está na mesma montaxe do noso Museo, con referencias na súa exposición permanente á autores e escritos chairegos, pois eles son unha cara máis, e ás veces a máis sentida, do Patrimonio Cultural que motiva a existencia dunha entidade como a nosa.



Fotografía de Roxelio Pérez Moreira

Por todo o antedito, non debe estrañar que dediquemos nesta ocasión o Editorial de CROA á lembranza de Manuel María Fernández Teixeiro, falecido na Coruña o 8 de setembro de 2004, a xeito de sinxela pero moi sincera homenaxe a un home que, digámolo xa de entrada, o deu todo por Galicia. Recordamos así a unha persoa que foi moito máis ca un escritor, por máis que ó longo dos seus case 75 anos fora poeta, narrador, ensaísta, comediógrafo..., ademais de cronista, orador, tertuliano, libreiro, académico, político e, tamén, procurador dos tribunais. Pero sobre todo isto, algo no que todos cadraron e cadramos conforme á hora do seu pasamento é que era, sobre todo, un HOME DE BEN,

cunha excepcional muller ó seu carón (*cherchez la femme*, diría un francés, e atoparía a Saleta) e, a maiores, un CHAIREGO EXEMPLAR.

Non é este último título o máis banal nin secundario, pois foi Manuel María quen realmente “inventou” a Terra Chá, no sentido literal do verbo latino *invenire*: ‘atopar’, ‘descubrir’, ‘crear’, ‘imaxinar’, ‘reconhecer’, ‘facer patente’... Pois todo isto fixo esa “brétema luminosa” (Marica Campo *dixit*) que era Manuel María coa Chaira: deulle vida non só literaria, o que abondaría para honralo a perpetuidade, senón que porque mesmo lle proporcionou, de xeito definitivo, unha presenza lingüística, xeográfica, administrativa, humana... Ten lembrado Paco Martín, outro

“inventor” do idioma chairego que impartiú de por vida don Ramón Lamote, que é a primeira vez que un escritor impón a súa lei da palabra, e da palabra poética, ós prosaicos técnicos que fan obras e estradas, pois aí está presente na A-6, co seu nome en letras de molde, fachendoso coma o maior río do mundo, o Regato do Cepelo que o noso lembrado autor deixou para a posteridade, literaria e xeográfica.

A súa morte desencadeou e seguirá desencadeando numerosas manifestacións de pesar, homenaxes, revisións da súa obra humana e literaria e todo tipo de actos, multitudinarios uns e más íntimos outros, que nos revelarán todos os seus valores, a súa traxectoria vital desde o Outeiro de Rei natal á Coruña final pasando por Lugo, Santiago e Monforte de Lemos, e, por descontado, que nos recordarán a súa producción literaria, desde o *Muiñeiro de brétemas* de 1950 (ou desde as recén atopadas *Elexías da miña vida pequeniña*, editadas agora polo Instituto de Estudos Chairegos) ata as amenas e emotivas *Historias do empardecer* que Laiowento publicou en 2003. Desde os medios de comunicación más comúns ós más variados sitios en Internet, pasando por un sen número de publicacións de todo tipo, abriuse o camiño para recoñecer a obra de Manuel María e a súa imborrable e

imprescritible pegada en Galicia e, claro, na Terra Chá que o Castro de Viladonga quere presidir desde a súa altura, antiga e preminente.

Pois Manuel María foi sempre un amigo do Castro de Viladonga e, logo, do seu Museo e de todos nós. Dedicoulle o poema que cerra este Editorial, publicado en 1982 na súa obra *Versos do lume e do vagalume* e escrito probablemente na etapa en que o Castro sufría un período de certa inanición, entre as meritorias escavacións de Chamoso Lamas e os posteriores traballos arqueolóxicos e museísticos que lograron poñelo en valor.

Pero, ademais, Manuel María era visitante frecuente de Viladonga, espallaba o seu nome e a súa importancia histórica e patrimonial, colaboraba en todo canto se lle pedía (velaí están as súas páxinas escritas para este mesmo Boletín *Croa*), estivo presente nas sesións dos Congresos de Cultura da Terra Chá que aquí se celebraron -oficiando de aglutinador de esforzos con Alfonso Blanco Torrado-, quedou vencellado coa súa presenza a e súa obra nas Rutas do Azúmara e da Escrita, a carón dos seus “devotos” literarios Margarita Ledo Andión e Darío Xohán Cabana ou dos seus afervoados cantores Mini e Mero. En fin, promoveu e espallou o Castro de Viladonga coa palabra,

a que sempre defendeu como mellor arma contra os males do mundo.

A súa morte, soamente física, ábreños camiño para coñecer e amar a Terra Chá, e Galicia, en toda a súa profundidade e comprométenos ós que estamos vencellados a ela, neste caso a través do Museo e do Castro de Viladonga, a ler, usar e espallar a súa obra. Farémoslle un ben a el, pero sobre todo farémoslle ó país.

Por Manuel María, un amigo do Castro de Viladonga:

**Castro de Viladonga, aberto aos ventos,
ollando as vagas nubes fuxidías,
illote de altivez e de impotencia,
ergueito como o puño dun petrucio
na soildade sen fin da Terra Chá,
habitado por cobras e lagartos,
xestas, uces, toxos e carqueixas
nas que aniña, cecáis, a cotovía
e florecen, ufanos, os balocos:
estalos pra ninguén, festas de nada...**

**Castro de Viladonga, círculo máxico,
símbolo do Pai Sol e más da Vida,
feito da mesma terra que o meu corpo,
arraigado no ser da miña tribo
como unha mao nobre e xenerosa
ou colo maternal, pois na Galiza
só hai feituras de colo ou mar aberta.
¿Pra quen, pra que, por que
tantísima ternura derramada...?**

**Castro de Viladonga, montón breve
de vellas pedras nas que vive
o silencio, a ruína, a soedade:
imaxé xusta e fiel da miña patria.**